

DIRECCIÓN
SOCIAL

REVISIÓN
LEGAL DE

REVISIÓN
LEGAL DE

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

Recursos e sancións

REVISTA GALLEGA DE DIREITO SOCIAL

RECURSOS E SANCÍONS

RESOLUCIÓN DO 4 DE FEBREIRO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 23 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais en relación co establecido na Orde do 16.12.87; ó sufrir don A.B.D. (DNI ...) un accidente a bordo do buque "F.U." na data 12.12.99. A empresa propietaria do mesmo, "D.M., S.L.", comunicou o pertinente parte de accidente á MUTUA GALEGA DE ACCIDENTES DE TRABALLO na data 10.01.00, cando o buque entrara no Porto de Vigo o mesmo día do accidente.

Tal infracción, tipificada e cualificada como LEVE no artigo 46.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, proponéndose a imposición dunha multa de 300,51 € (50.000 pesetas).

SEGUNDO.-Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de LUGO da Conselle-

ría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 11.05.01 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 300,51 € (50.000 pesetas).

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a Acta de Inspección, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dán aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e prescricións legais.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 161/2000, do 29 de xuño (DOG 03.07.00) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- A empresa recorrente pretende trasladar-la responsabilidade do retraso do parte do accidente á Mutua, cando consta no expediente que o accidente foi o 12.12.99 e a data de entrada na Mutua Galega de Accidentes de Traballo é o 10.01.00. Quedando suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don R.O.L. en representación da empresa "D.M., S.L." contra a Resolución de data 11.05.01 acordada pola Delegación Provincial de LUGO da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 300,51 € (50.000 pesetas) imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 13 DE MAIO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, segundo a cal, durante a vista da inspección comprobáronse as seguintes infraccións:

1º) Vulneración do disposto no artigo 3 a), Parte C, Anexo IV en relación co artigo 11.1 c) do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como do sinalado no artigo 192 da Ordenanza laboral da construción, aprobada mediante Orde ministerial do 28 de agosto de 1970, en relación coa Disposición final única nº 2 do Convenio colectivo xeral do sector da construción (Resolución do 30 de abril de 1998), en relación coa existencia dun total de 6ocos destinados a balcóns, de 1'5 metros de ancho, carentes de barandilla ou outro elemento de protección colectiva que evitara o risco de caída de ata 11'60 metros de altura, ademais dunha terraza exterior na buhardilla de aproximadamente 20 metros de lonxitude sen suficiente protección.

2º) Vulneración do sinalado no artigo 3 a), Parte C, Anexo IV, en relación co artigo 11.1 c) do Real decreto 1.627/1997 xa citado, así como no artigo 187 da Ordenanza laboral da construción, Orde ministerial do 28 de febreiro de 1970, en relación coa Disposición final única nº 2 do Convenio colectivo xeral do sector da construción anteriormente sinalado, pola inexistencia de barandilla ou outro elemento de protección colectiva no oco destinado ós ascensores.

3º) Incumprimento do disposto nos artigos 1, 2, 3 e 5 do Anexo IV en relación co artigo 8 do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, motivado pola falta de iluminación natural.

Tales infraccións atópanse tipificadas e cualificadas, respectivamente, como leve no artigo 46.4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; a segunda como grave no artigo 47.16 f) da mesma norma e a terceira como leve, conforme ó artigo 46.4 da devandita lei. A sanción correspondente ás mencionadas infraccións gradúanse en grao máximo, conforme ó disposto no artigo 49.1 a) e c) da meritada lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 601,02 € pola primeira infracción; 1.502,54 € pola segunda infracción e 601,02 € pola terceira, facendo un total de 450.003 pesetas (2.704,57 €).

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial de Pontevedra, en Vigo, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 19 de febreiro de 2001, dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 2.704,57 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se arquivara o procedemento sancionador de referencia, conforme ás alegacións que estimou máis convenientes ó seu dereito e que de xeito resumido se expoñen a continuación:

1. Respecto das infraccións imputadas ó interesado sinálase que:

- a fachada do edificio tiña un muro que medía máis dun metro de altura e non os 40 centímetros que se afirman na acta de inspección.

- recoñece que o oco do ascensor carecía de protección no segundo piso pero non nos demais.
- o edificio non carecía de luz artificial.

2. Considérase que se vulnerou a presunción de inocencia por non incorporar ó expediente os elementos de proba axeitados para a completa e correcta determinación dos feitos e das persoas responsables dos mesmos.

3. Omitiuse a práctica da proba que se propuxo en tempo e forma, sen que as probas propostas foran rexeitadas mediante resolución motivada, motivo polo que o procedemento sancionador incurre en nulidade de pleno dereito.

4. A sanción proposta é contraria ó principio de proporcionalidade.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da Estructura Orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións manifestadas polo recurrente, deben facerse as seguintes precisións:

1. O alegado en vía de recurso en relación ós feitos en que consisten as infraccións imputadas á empresa, e que se reflicten no apartado 1º do punto Terceiro dos Feitos da presente resolución, constitúe unha reiteración dos argumentos expostos no escrito de alegacións á acta de inspección, polo que non introducen ningunha cuestión nova que non fora xa tida en conta á hora de resolver o procedemento sancionador de referencia.
2. Respecto da posible vulneración da presunción de inocencia cabe dicir que non pode ter favorable acollida nesta instancia a citada manifestación. Non se debe esquecer ó respecto que a citada presunción pode ser destruída a través da proba. Neste sentido, as infraccións imputadas á empresa e reflectidas na acta, comprobáronse directamente polo inspector actuante. En consecuencia, e dada a presunción de certeza atribuída ás actas polos artigos 52 da Lei da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social e 15 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infracción de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1988, do 14 de maio, prodúcese

unha inversión da carga da proba, de xeito que lle corresponde ó recorrente acreditar a inexistencia da infracción. Esta inversión da carga probatoria non lesiona o dereito fundamental á presunción de inocencia, tal e como reconece o Tribunal Supremo en reiterada xurisprudencia, posto que permite ó suxeito sancionado negar a veracidade dos feitos. Sen embargo, os medios de proba presentados xunto co escrito de alegacións á acta da inspección, non foron suficientes para destruír a presunción de veracidade do citado documento público.

3. Con respecto á non realización da proba tense que sinalar que a empresa solicita a declaración dos traballadores, trámite improcedente porque, de acordo co criterio seguido nas sentencias do Tribunal Supremo (entre outras do 21.10.69, 08.11.69, 04.11.70, 22.03.77) esta declaración carece de carácter probatorio dado o sometimento funcional e económico dos traballadores ó empresario. En todo caso, hai que sinalar que na resolución dictada pola Delegación Provincial de Pontevedra en Vigo, fíxose constar expresamente que a presunción de certeza atribuída ás actas da inspección, relativa no presente caso ós feitos que foron visionados directamente pola inspectora actuante, non resultaría desvirtuada polos medios de proba propostos pola empresa, polo que se entende que non hai indefensión.
4. Finalmente alega o recorrente que a sanción imposta é contraria ó principio de proporcionalidade. Sinalar ó respecto que a sanción se impuxo dentro dos límites establecidos nos artigos correspondentes da lei substantiva de aplicación, graduándose conforme ás circunstancias moduladoras da responsabilidade xa recollidas na acta e que ó longo do procedemento non foron desvirtuadas polo agora recorrente, co que se entende que a sanción é proporcional ás circunstancias concorrentes no caso que nos ocupa.

CUARTO.- En vista do anterior cabe concluír que o alegado en vía do recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia, de xeito que se considera suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre Infraccións e Sancións na Orde Social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don A.V.P., en representación da empresa "C.V.S., S.L." contra a Resolución de data de 19 de febreiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 2.704,57 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 10 DE XUÑO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 14.2, 15.1.g) e 16.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais en relación cos artigos 3, 4 e Anexo I, A.2-3º do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo; todo o anterior a raíz da investigación do accidente mortal sufrido por don J.M.S., e en relación coa non adopción por parte do empresario das medidas necesarias de protección da seguridade e saúde dos traballadores, evitando o risco de caída de obxectos sobre estes. Tampouco se planificou a actividade preventiva, posto que se carecía de avaliación inicial de riscos e non existía planificación do traballo no posto do accidentado.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.1 e 16.b) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49.1 e 49.4.b) da antedita lei, proponéndose a imposición dunha multa de 3.005,06 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirma-la acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20 de abril de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.005,06 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a

imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións efectuadas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. Tanto na acta levantada pola Inspección como no relato dos feitos efectuado pola propia inculpada no escrito de alegacións á acta e tamén no escrito de interposición do recurso de alzada, se recolle como razón do accidente mortal, a caída dun panel de 9.100 kg. de peso aproximadamente, que golpeou ó traballador contra unha mesa provocándolle, en última instancia, a morte. Intenta a empresa eximirse de responsabilidade alegando que a posición vertical do panel era segura, negando como causa da citada caída a falta de apoio da peza. Sen embargo, na acta da Inspección déixase claro que a citada peza *“se suxeitaba sobre tres pés na súa parte esquerda e na dereita non tiña ningunha apoiatura, carecendo de arrostramento”*, deficiencias estas que se consideran a causa do accidente, pois motivaron a perda da estabilidade da peza.
2. Deber de seguridade que o recorrente di que non se concreta, está claro. Na propia acta da Inspección se sinalaron como preceptos infrinxidos, entre outros, o 14.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Pois ben, este precepto sinala expresamente que *“en cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e saúde dos traballadores ó seu servizo en tódolos aspectos relacionados co traballo. A estos efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e saúde dos traballadores...”*. Para cumprir con ese deber, está obrigado a adoptar unhas medidas que se aplicarán con arreglo a unha serie de principios entre os cales destaca o de planificar a prevención, tal e como recolle o artigo 15.1.g) da mesma norma. Precisamente, a conducta sancionada é a non adopción polo empresario das necesarias medidas de protección que evitaran o risco de caída dos paneis.
3. Respecto da avaliación inicial de riscos debe reiterarse que na data da visita, a empresa carecía dela, tal e como se recolle na acta e posteriormente se ratifica no informe ampliatorio emitido pola Inspección. Posteriormente, aportou unha avaliación xunto coas alegacións á acta, pero considérase que non é proba suficiente para desvirtuar o contido da acta, posto que carece de data de realización, figurando unicamente o ano, 1998, de xeito que non queda probado que estivera feita antes de que se producira o accidente e a posterior visita da inspeccora actuante.
4. En base a todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipifica-

ción e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Visto-los preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don A.F.S. en representación da empresa "B.F.S., S.L." contra a Resolución de data de 20 de abril de 2001 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 3.005,06 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 24 DE XUÑO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por:

1. Incumprimento do disposto nos artigos 4, 5, 8 e 18 do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, en relación co artigo 14.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por canto a empresa que é promotora da obra, carecía polo menos ata o día da visita inspectora, do estudio de seguridade visado polo colexio profesional.
2. Incumprimento do sinalado no artigo 3 do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, por canto o promotor non designou un coordinador en materia de seguridade, sendo que na obra interveñen máis dunha empresa.

A infracción detallada no número 1 atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49.1 da citada lei, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

A infracción detallada no número 2 atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.13 da citada Lei 31/1995, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49.1 da citada lei, proponéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

En consecuencia, propónse unha sanción total de 3.005,08 €.

SEGUNDO.- Despois de que a empresa inculpada presentara prego de alegacións, e conforme ó artigo 18.3 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio, solicitouse informe ampliatorio á Inspección de Traballo e Seguridade Social, sen que este fora remitido ó órgano resolutor no prazo regulamentariamente previsto.

TERCEIRO.- Pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 1 de febreiro do 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.005,08 €.

CUARTO.- Con data do 21 de febreiro de 2001, tivo entrada na citada Delegación Provincial o informe remitido pola Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra, informe que confirma a acta sen engadir ningún dato novo. Segundo éste:

“Os feitos recollidos na Acta que serven de soporte á mesma, foron comprobados persoalmente mediante visita de inspección polo Inspector de Traballo e Seguridade Social que inicia o procedemento sancionador.

A acta foi extendida reunindo os requisitos do artigo 52.1 da Lei 8/1988, do 7 de abril, e está dotada en definitiva de presunción de certeza respecto dos feitos reflectidos na mesma.

A empresa no seu escrito de alegacións, non aporta proba suficiente e amparada en Dereito, en contra do constatado e reflectido na Acta polo Inspector de Traballo e Seguridade Social, polo que informo favorablemente a confirmación da acta recorrida”.

QUINTO.- Con data do 27 de febreiro de 2001, contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que de xeito resumido se expoñen a continuación:

1. A resolución é anulable por canto transcorre o prazo de dez días desde que finalizou a tramitación do expediente, posto que a acta é do 21 de agosto de 2000, as alegacións do 7 de setembro do mesmo ano e descoñécese a data de solicitude do informe ampliatorio.
2. Indefensión por descoñecer o recorrente a data de solicitude do informe.
3. Estudio de seguridade presentado á Inspección tres días despois da visita inspectora, estaba firmado por técnico competente, considerándose a falta de visado un mero requisito formal a efectos de percepción de honorarios e defensa dos colexiados.
4. Outra das empresas participantes da obra si tiña coordinador de seguridade, sen que sexa necesario que cada empresa designe un.
5. Fronte á presunción de certeza das actas, prima a presunción de inocencia.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre

traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En canto ás alegacións formuladas polo recorrente, deben facerse as seguintes precisións:

1. En primeiro lugar, débese sinalar que o artigo 63.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que *“a realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas, só implicará a anulabilidade do acto cando así o imponha a natureza do término ou prazo”*. Tanto a xurisprudencia como a doutrina consideran que por este motivo, só son anulables os actos administrativos no caso de que a potestade que se exercita esté sometida a prazo de prescrición ou cando se trate de actos dictados unha vez caducado procedemento administrativo no que se dictan (TS 13.02.90). En consecuencia, considérase que no suposto que nos ocupa, a resolución é plenamente válida.
2. Segundo a normativa vixente aplicable ós procedementos sancionadores na orde social, non existe obriga de notificar ó interesado a data de solicitude do informe ampliatorio nin tampouco de notificarlle o mesmo informe. Non obstante o anterior, o artigo 17.4 do Real decreto 928/1998, establece que *“o suxeito ou suxeitos imputados que formulen alegacións fronte a acta, terán dereito a vista dos documentos obrantes no expediente, sen máis excepcións que as necesarias para asegurar a confidencialidad da orixe de calquera queixa”*; pola súa banda, o artigo 35 a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de aplicación subsidiaria na materia que nos ocupa, conforme ó disposto na súa Disposición adicional sétima, establece o dereito dos cidadanos *“a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obter copias de documentos contidos neles”*. Polo tanto, non pode admitirse que a entidade inculpada se atopara nunha situación de indefensión.
3. A presunción de veracidade das actas da Inspección, proclamada na actualidade polos artigos 53.2 da Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, e artigo 15 do Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas da seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio, non vulnera o artigo 24 da Constitución tal e como sinala o Tribunal Supremo na súa sentenza de 2 de novembro de 1990, conforme á cal a presunción de veracidade das actas non produce *“unha inxustificable inversión da carga da proba que lesione o dereito fundamental da presun-*

ción de inocencia, nin indefensión, nin esixencia contraria de feitos negativos”, posto que fronte á súa forza probatoria se pode reaccionar presentando proba en contrario.

4. Polo demais o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese.

Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.P.R. en representación da empresa “P., S.L.” contra a Resolución de data de 1 de febreiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 3.005,08 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DO 24 DE XUÑO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 14.2 e 15.1.h), da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, con relación ó disposto no artigo 3 e Anexo I, apartado 3.2º e 3º do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, por canto que o empresario deberá adoptar as medidas necesarias para que a utilización dos lugares de traballo non orixine riscos para a seguridade e saúde dos traballadores. Todo o anterior en relación co acceso ó almacén, situado na entreplanta, a través dunha escalerilla metálica, con barandilla incompleta, xa que carece de listón intermedio e rodapé; tamén se observa que a citada escaleira desemboca ó lado dos motores e das tuberías dunha das cámaras de conxelación que estorban o paso ós traballadores que suben ó almacén, existindo ademais perigo de caída de altura desde máis de dous metros, por non estar protexida esa zona con barandillas protectoras.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.16.f) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49.1 da antedita lei, propoñéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20 de febreiro de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións feitas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. A proposta de resolución contense na propia acta da Inspección, proposta que non sufriu ningunha modificación tralas alegacións presentadas polo inculpado e informe ampliatorio da Inspección.
2. Con respecto á ausencia do trámite de audiencia temos que indicar que o mesmo soamente é obrigatorio nos casos previstos no artigo 18.2 do R.D. 928/98 (cando o imputado non formulase alegacións) e no caso establecido no artigo 18.4 (cando formuladas alegacións se desprenda das dilixencias practica-das a invocación ou concorrencia de feitos distintos ós reseñados na acta) non sucedendo no presente caso ningún dos dous supostos, xa que a resolución se produce en base ós mesmos feitos que se recollen na acta.
3. O artigo 17.4 do Real decreto 928/1998, establece que *“o suxeito ou suxeitos imputados que formulen alegacións fronte a acta, terán dereito a vista dos documentos obrantes no expediente, sen máis excepcións que as necesarias para asegurar a confidencialidad da orixe de calquera queixa”*; pola súa banda, o artigo 35.a) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de aplicación

subsidiaria na materia que nos ocupa, conforme ó disposto na súa Disposición adicional sétima, establece o dereito dos cidadanos *“a coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados, e obter copias de documentos contidos neles”*. Polo tanto, non pode admitirse que a entidade inculpada se atopara nunha situación de indefensión, posto que, en todo caso, tivo a posibilidade de solicitar copia do informe ampliatorio da inspección, podendo, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe.

4. A proba presentada polo agora recorrente, non desvirtúa o contido da acta da Inspección, acta que de acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, goza de presunción de certeza, ó conter feitos que foron comprobados directamente polo funcionario actuante. En efecto, a inculpada non presenta probas indubitadas, incontestadas e fehacientes, que, contrariamente ó contido na acta, demostre a existencia de medidas de protección fronte ó risco de caída existente, polo que estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don A.A.C. en representación da empresa “D.C., S.L.” contra a Resolución de data de 20 de febreiro de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.502,54 € imposta á mesma.

RESOLUCIÓN DE 24 DE XUÑO DE 2002

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 30, 31 e 37 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e os artigos 10, 12, 13, 16, 20, 34, 35, 36 e 37, en relación co apartado h) do Anexo I e co Anexo III e IV, do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, Regulamento dos servizos de prevención; todo isto posto que a empresa non efectuou a planificación da actividade preventiva; non ten servizo de prevención nin propio nin alleo; non presenta xustificante de ter designados traballadores para levar a cabo as actividades preventivas nin de ter delegados de prevención, e, en todo caso, a empresa non facilitou ós traballadores designados para a prevención básica,

nin ós delegados de prevención a formación necesaria para levar a cabo a súa función preventiva.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 47.6, 12 e 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, ó abeiro do disposto no artigo 49 da antedita lei, proñéndose a imposición dunha multa de 1.502,54 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 11 de maio de 2001 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.502,54 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais ven determinada polo Real Decreto 2.412/1982 do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982 do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), Decreto 147/2002, do 11 de abril (DOG 30.04.02) da estrutura orgánica desta Consellería e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- Respecto das alegacións feitas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. A acta reúne os requisitos establecidos legalmente no artigo 14 do citado regulamento. En efecto, entre outros datos, recolle expresamente os feitos comprobados pola inspectora actuante, os preceptos vulnerados e a súa cualificación. Entre os artigos infrinxidos, non se atopa o artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, tal e como sinala o recorrente, e o artigo 37 da mesma lei, non só establece as garantías e o sixilo profesional dos delegados de prevención senón tamén a obriga do empresario de facilitar formación e medios a aqueles para que poidan desempeñar as súas funcións.
2. A empresa reconece expresamente en reiteradas ocasións que non ten traballadores designados para realiza-las labores de prevención, e segundo consta no expediente, o contrato cun servizo de prevención alleo é de 29 de decembro do 2000, mentres que a visita da Inspección foi en novembro de 2000, polo que está claro o incumprimento nesta materia.

3. Os feitos constatados vulneran varios preceptos de carácter substantivo, e son constitutivos das infraccións sinaladas no artigo 47, parágrafo 6, 12 e 15; sen embargo, e conforme á legalidade vixente, impúxose unicamente unha sanción de 1.502,54 €, correspondente a unha infracción grave en grao mínimo.
4. Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer meras interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 52.2 da Lei 8/88, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social (actualmente artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto), ó non ser ésta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirma-la resolución de instancia en tódolos seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral De Relacións Laborais

Resolve

DESESTIMA-LO recurso interposto por don J.R.U., en representación da empresa “P.Y.T.R., S.L.” contra a Resolución de data de 11 de maio de 2001 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirma-la sanción de multa de 1.502,54 € imposta á mesma.